



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS
Avda. Porto da Coruña nº 2
15003 A Coruña

**MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 14 DAS
NORMAS SUBSIDIARIAS DE VALDOVIÑO PARA
DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL**

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL

15087_MP14NNSPPDNR_202106_AI_CAT

01M | 02NP

Documento: PARA APROBACIÓN INICIAL

Promotor: Deputación da Coruña

Data: xuño de 2021

ÍNDICE:

IV	CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL	3
01	CRITERIOS E OBXECTIVOS DA CATALOGACIÓN REALIZADA.....	3
02	NORMAS DE PROTECCIÓN	4
03	LISTAXE DE ELEMENTOS CATALOGADOS	9

IV CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL

01 CRITERIOS E OBXECTIVOS DA CATALOGACIÓN REALIZADA

Achégase a relación de elementos incluídos no Catálogo ordenados segundo as categorías reguladas no Título VII da LG 5/2016, e dentro destas por parroquias, que en atención aos seus valores relevantes, se considera preciso conservar, mellorar ou recuperar. Con esta mesma estrutura se organizan as fichas individualizadas de cada elemento.

Indícase a continuación os criterios de catalogación no momento da redacción desta modificación de planeamento. Porén, para novas incorporacións ao catálogo de protección teranse en conta a totalidade dos criterios regulados na LG 5/2016, ou normativa que a substitúa.

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO.

Catalóganse os bens integrantes da arquitectura tradicional ou histórica que se presumen anteriores a 1803, así como aqueles que constitúen testemuña relevante da arquitectura tradicional ou que configuran o carácter arquitectónico dos núcleos tradicionais: vivendas tradicionais e históricas (pazos), alpendres tradicionais e outros elementos adxectivos característicos da arquitectura popular coma son os fornos e os pozos (art. 88.1.b LG 5/2016)

Para estes efectos só se consideran aquelas edificacións tradicionais que coa súa posta en valor poden potenciar o conxunto arquitectónico dos núcleos rurais.

Así mesmo tamén se catalogan as escolas unitarias como testemuñas dunha época e polo seu valor inmaterial como memoria (art. 88.1.c LG /5/2016).

PATRIMONIO ETNOLÓXICO

Catalóganse os hórreos así como o cruceiro do Pazo de Liñeiro (art. 91.3 LG 5/2016). Nas fichas indícanse o cruceiro e hórreos que se presume que teñen a consideración de BIC por ministerio de lei segundo o art.92.1 da LG 5/2016

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Son catalogados dous castros pola súa proximidade aos núcleos de O Castro e dos Bidueiros (art. 94.3 LG 5/2016).

No caso de achados arqueolóxicos casuais, estarase ao disposto nos art. 99 e seguintes da LG 5/2016 e demais normativa de aplicación.

02 NORMAS DE PROTECCIÓN

1. Condicións xerais

Aplicaranse as determinacións establecidas na LG 5/2016 para os diferentes niveis de protección definidos nas fichas do catálogo e a demais normativa sectorial concordante.

As determinacións que conteñen as fichas do catálogo teñen carácter normativo constituíndo, xunto co establecido neste documento, o marco normativo específico de protección do patrimonio.

Os bens catalogados, en función da relevancia do seu valor cultural, están sometidos ao nivel de protección determinado nas fichas segundo a regulación do art. 41 da LG 5/2016: integral, estrutural ou ambiental. Este nivel de protección determina as intervencións que se poden levar cabo, definidas no art. 40. Nas fichas de catálogo fíxanse as obras permitidas de acordo coas determinacións legais, establecendo que en todo caso cumprirán os requisitos do art. 42 da LG 5/2016, coas precisións dos art.

41 e 42 da LG 1/2019, para que sexan autorizables, e que seguirán os criterios de intervención dos art. 44, 53, 89 da LG 5/2016 e demais que resulten de aplicación.

As actuacións que se realicen nos contornos de protección dos bens incluídos no catálogo cumprirán os criterios do art. 46 da Lei. Estas intervencións serán coherentes cos valores xerais do entorno.

O réxime de autorizacións e informes preceptivos en materia de patrimonio cultural será o regulado na LG 5/2016 e LG 1/2019. Cómpre sinalar que estarán exentas da necesidade de obter a antedita autorización as seguintes actuacións, sempre e cando se realicen en edificios con protección ambiental ou estrutural ou no contorno de protección dos elementos recollidos neste catálogo:

- actuacións no interior do edificio que non supoña manifestación de cara ao exterior que poida ser percibida dende a vía pública
- intervencións sobre as carpinterías exteriores que consistan en pintura, reparación ou reposición da existente respectando a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes
- actuacións de reparación ou substitución de cubertas, sempre que se repoña ou utilice como material de cubrición o mesmo material tradicional existente, sen modificar a forma do tellado, apertura de novos ocos, construción de novas chemineas, nin modificación da solución de beirís introducindo cornixas, voos, etc.
- actuacións de pintura de fachada ou carpinterías exteriores na mesma cor existente, sempre que esta coherente co entorno ou cos criterios da Guía de cores e materiais da Xunta de Galicia
- reparación ou substitución de revestimentos mantendo a solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos. Este criterio non se aplicará cando na fachada existan materiais construtivos deseñados para empregarse revestidos e que permanezan vistos ou sen rematar, ou se usen materiais de construción en sistemas ou funcións para os cales non están deseñados, como os revestimentos de fachadas con materiais de cobertura de cubertas ou os peches de predios con elementos de mobiliario ou refugallos

industriais. Admitiranse as reparacións das impermeabilizacións de medianís e fachadas secundarias con revestimentos de placa de fibrocemento minionda ou plana sempre que como remate se pinte da mesma cor que o resto das fachadas do inmovible.

Este réxime excepcional será de aplicación conforme a regulación vixente.

2. Condicións específicas para o patrimonio arqueolóxico

2.2. Grao II:

Aparece sinalado na cartografía coa numeración de catálogo adaptada ao inventario da Consellería de Cultura. Establécense dous niveis de protección:

2.2.1 Grao II-1. Protección Integral:

Ámbito:

O seu límite vén definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro máis externo do ben, e a súa contorna máis inmediata. Aparece grafiados como o elemento a catalogar.

Uso:

Permitiranse actuacións encamiñadas á súa conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor, previa autorización da Consellería de Cultura.

Permitiranse os usos tradicionais agropecuarios sempre que non alteren o substrato arqueolóxico, nin precisen a modernización da explotación con novas instalacións.

Non se poderán realizar construcións, tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, auga, etc), escavacións, recheos e movementos de terra

en xeral, así como a plantación ou arranque de árbores, os cultivos que requiran labores profundos, e a apertura de pozos e minas.

Poderanse levantar peches, ata unha altura total de 1,5 metros desde a rasante do terreo, por medio de elementos vexetais, ou con arames e mallas plásticas, ou similar, que non necesiten obras de cimentación, e que non afecten o substrato arqueolóxico, nin á contorna do xacemento.

Condições especiais de uso:

Ás edificacións situadas nas áreas definidas como de protección integral (II-1) que non posúan expedientes sancionadores abertos con anterioridade á aprobación das presentes ordenanzas, aplicaráselles, a partir da aprobación do presente texto, o réxime de edificacións en fóra de ordenación, coas correspondentes limitacións que establece a lexislación urbanística actual.

Dentro destas áreas (II-1), poderanse permitir de maneira puntual, obras de mellora en canto a infraestruturas, ao servizo das edificacións (abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, redes de iluminación, etc), e obras de acondicionamento de tales edificacións a condición de que sexan visibles segundo a Normativa Urbanística Municipal. As obras autorizadas deberán realizarse cos medios adecuados para cada tipo e actuación para non afectar gravemente o xacemento arqueolóxico.

Tramitación:

Estas actuacións rexeranse pola normativa específica en arqueoloxía: LG 5/2016, D 199/1997, etc.

Será necesario acometer unha intervención arqueolóxica previa na superficie afectada polo proxecto.

Condições de edificabilidade:

Non se permiten construcións de nova planta.

2.2.2 Grao II-2. Zona de respecto:

Ámbito:

Área definida pola contorna adaptada ao redor do perímetro máis exterior da área de protección integral (II-1). Aparece grafiado como contorno de protección.

Usos.

Os usos nesta zona son os específicos para cada caso concreto, dependendo do establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo en que se atope a área de protección e dos factores arqueolóxicos e patrimoniais do xacemento.

Excepcionalmente admitiranse, os tendidos aéreos ou subterráneos de liñas de infraestrutura eléctrica, gas, abastecemento de auga, etc.

Condicións de edificabilidade:

De forma excepcional, e mentres non se prexudique a contorna do xacemento, ou cando este se atopase moi deteriorado, admitirase a edificación ou construción de edificacións de nova planta admitidas polo plan municipal en vigor segundo o establecido na ordenación urbanística

Tramitación:

Estas actuacións rexeranse pola normativa específica en arqueoloxía: LG 5/2016, D 199/1997, etc.

Toda solicitude de licenza neste ámbito deberá ir acompañada dun proxecto de control arqueolóxico da actividade solicitada.

03 LISTAXE DE ELEMENTOS CATALOGADOS

Achégase a relación de elementos incluídos no Catálogo ordenados segundo as categorías reguladas no Título VII da LG 5/2016 en atención aos seus valores relevantes, e dentro destas por parroquias.

Con esta mesma estrutura se organizan as fichas individualizadas de cada elemento

Os códigos usados son os seguintes:

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO. ARQUITECTURA TRADICIONAL ou HISTÓRICA

VT. Vivendas tradicionais e históricas (pazos)

AT. Alpendres tradicionais

PATRIMONIO ETNOLÓXICO

CR. Cruceiros.

HT. Hórreos tradicionais

FN. Fornos

PZ. Pozos

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

C. Castro

Cando se indica que un elemento forma conxunto con outro, quere dicir que cada un deles ten ficha propia

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	LUGAR	PARROQUIA
VLR-VT 01	Vivenda no Puntal	O Puntal	Vilarrube
VLR-VT 02	Casa tradicional e alpendre AT 01 formando conxunto con hórreos HT 01-02-2B	Quengo	Vilarrube
VLR-VT 03-3B	Pazo de Liñeiro. Forma conxunto con CR 01 e HT 04	Liñeiro	Vilarrube
VBA-VT 04	Casa rural en Pena do Boi con	Pena do Boi	Vilaboa

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

	AT 02 e formando conxunto con HT 16		
VBA -VT 05	Vivenda tradicional con cheminea e pozo PZ 01	A Rañoa	Vilaboa
VBA-VT 06	Vivenda tradicional con forno FN 01 acaroado	A Vilaxe	Vilaboa
VBA-VT 07	Vivenda tradicional con forno FN 02 acaroado	A Vilaxe	Vilaboa
LRA-VT 08	Vivenda tradicional con forno FN 04 acaroado formando conxunto con HT 21	Crecente	Loira
PNT-EU 01	Escola unitaria	A Ramalleira	Pantín
VBA-EU 02	Escola unitaria	Pena do Boi	Vilaboa

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	LUGAR	PARROQUIA
VLR-CR 01	Cruceiro formando conxunto con VT 03-3B (Pazo de Liñeiro) e con HT 04	Liñeiro	Vilarrube
VLR-HT 01-02-02B	Hórreos tradicionais formando conxunto con VT 02 e AT 01	Quengo	Vilarrube
VLR-HT 03	Hórreo tradicional	As Folgueiras	Vilarrube
VLR-HT 04	Hórreo tradicional formando conxunto con VT 03-3B (Pazo de Liñeiro) e con CR 01	Liñeiro	Vilarrube
VBA-HT 05	Hórreo tradicional	O Camiño Grande	Vilaboa
VBA-HT 06	Hórreo tradicional de planta cadrada, tipo cabaceira	San Pedro	Vilaboa
VBA-HT 07	Hórreo tradicional	O Seixidal	Vilaboa
VBA-HT 08	Hórreo tradicional	O Seixidal	Vilaboa
VBA-HT 09	Hórreo tradicional	A Vilaxe	Vilaboa

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

VBA-HT 10	Hórreo tradicional	A Vilaxe	Vilaboa
VBA-HT 11	Hórreo tradicional	A Vilaxe	Vilaboa
VBA-HT 12	Hórreo tradicional	Morgadelle	Vilaboa
VBA-HT 13	Hórreo tradicional	Os Bidueiros	Vilaboa
VBA-HT 14	Hórreo tradicional	A Vilela	Vilaboa
VBA-HT 15	Hórreo tradicional	A Carbeira	Vilaboa
VBA-HT 16	Hórreo tradicional formando conxunto con VT-04 e AT 02	Pena do Boi	Vilaboa
LRA -HT 17	Hórreo tradicional	A Rañoa	Loira
LRA -HT 18	Hórreo tradicional	A Rañoa	Loira
LRA-HT 19	Hórreo tradicional	Os Martices	Loira
LRA-HT 20	Hórreo tradicional formando conxunto con PZ 02	Crecente	Loira
LRA-HT 21	Hórreo tradicional formando conxunto con VT 08 e FN 04	Crecente	Loira
VDV-HT 22	Hórreo tradicional	A Rocha	Valdoviño
VDV-HT 23	Hórreo tradicional	A Rocha	Valdoviño
VDV-HT 24-25	Hórreos tradicionais	A Costeira	Valdoviño
VDV-HT 26	Hórreo tradicional	Gonzalvite	Valdoviño
VDV-HT 27	Hórreo tradicional	O Chamorro	Valdoviño
VDV-HT 28	Hórreo tradicional	Mirós	Valdoviño
VDV-HT 29	Hórreo tradicional	Mirós	Valdoviño
VDV-HT 30	Hórreo tradicional	Bacorelle	Valdoviño
VDV-HT 31	Hórreo tradicional	Mourela	Valdoviño
LRA-FN 04	Forno tradicional	Crecente	Loira
LRA-PZ 02	Pozo tradicional formando conxunto con HT 20	Crecente	Loira

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	LUGAR	PARROQUIA
VLR-C 01	Castro	O Castro	Vilarrube
VBA-C 02	Castro	Os Bidueiros	Vilaboa

Polo equipo redactor:

Teresa Fernández Lorenzo
Arquitecta do SATM

Visto e praxe, o xefe do SATM

Daniel Beiras García-Sabell
Arquitecto do SATM

Xosé Francisco Freire Corzo